



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

CAMPAÑA IRPF 2007

Comezada xa a Campaña de Renda, queremos que saibades ,por se aínda non chegou a vós, as últimas novidades e iniciativas que estamos levando a cabo nesta Campaña.Nos pasados días tivemos diversas conversacións coa Xefa de Xestión Rexional de Galicia para que tratara, na medida do posible, de respetar o horario que fose do agrado da maioría dos funcionarios nas diversas Delegacións e Administracións da AEAT; tamén fixémoslle chegar a nosa iniciativa para reclamar as horas efectivamente traballadas na Renda, visto que, coma os demais anos, estánse a facer horas en exceso ao horario previsto.Nese sentido, pedimos a vosa participación para que, tamén polas tardes, fichedes as horas traballadas, para que ,dun xeito ou doutro, se recompensen cando remate a Campaña...iixa está ben regalar as horas á AEAT!!!.

Tamén é a nosa intención reivindicar estes temas a través das distintas Xuntas de Persoal de todas as Delegacións galegas para conseguir os máximos apoios posibles e, no mesmo sentido, nos pasados días diriximos sendos escritos tanto á Delegada Especial como Relacións Laborais en Madrid, para que coñezan a nosa postura e que non lles pille desprevenidos. Achégovos con esta nota copia do escrito que presentamos, se considerades algunha cuestión máis que non recolla o escrito, facédeo chegar aos delegados da CIG para remitir outro coas queixas adicionais que sexan precisas.

21/05/08

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44
Fax:981 12 72 22
cigaeat@gmail.com
WWW.CIGAEAT.COM